



Concello de Vigo  
Expte. 5161/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 18/2025

### SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE OUTUBRO DE 2025

#### ORDE DO DÍA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 29 de setembro de 2025.

#### PARTE RESOLUTIVA

##### **Ditames das comisións informativas:**

##### ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.** Estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2025, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias; dación de conta. Expediente 378/143. (Expte. Pleno 5148/1101).
- 3.** Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 3º trimestre do 2025; dación de conta. Expte. 30037/541. (Expte. Pleno 5149/1101).

##### **Mocións:**

- 4.** Moción do grupo municipal do BNG urxindo a aplicación de medidas diante da situación de emerxencia habitacional en Vigo. Expte. 5173/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal Socialista instándolle á Xunta de Galicia se responsabilice da xestión dos servizos educativos complementarios. Expte. 5172/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista instando ao goberno da Deputación Provincial de Pontevedra a incluír nos seus orzamentos do 2026 a partida correspondente para fixar o convenio anual do Concello de Vigo, nun mínimo de 6.5 millóns de euros. Expte. 5168/1101.
- 7.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a facer públicas as contas de Turgalicia. Expte. 5171/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 1 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á remisión ao Ministerio de Sanidade dos datos actualizados sobre distintos tipos de cancro. Expte. 5174-1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista reprobando a actitude da Xunta de Galicia e nomeadamente ao conselleiro de Sanidade, por rexeitar que Vigo conte cunha Facultade de Medicina. Expte. 5170/1101.

## **PARTE DE CONTROL**

### **Mocións.**

10. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a perda e devolución de Fondos Europeos Next Generation concedidos a este Concello, pola manifesta incapacidade do goberno municipal á hora de acometer os proxectos beneficiados en tempo e forma dentro dos prazos establecidos. Expte. 5167/1101.

### **Resolucións.**

11. Delegación de competencias específicas do Alcalde en concelleiros 2023-2027; dación de conta. Expediente 1499/1102. (Expte. Pleno 5139/1101).
12. Resolución de estrutura da administración do Concello de Vigo: modificación da delegación de competencias 2023-2027; dación de conta. Expediente 1482/1102. (Expte. Pleno 5140/1101).
13. Delegacións especiais en concelleiros/as; dación de conta. Expediente 1134/1102. (Expte. Pleno 5141/1101).
14. Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/09/25 e o 16/10/25; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5162/1101.
15. Resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/09/25 e o 16/10/25; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5163/1101.

### **16. Formulación de rogos.**

### **17. Formulación de preguntas.**

#### ASISTENTES

#### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Aguiar Castro, Yolanda  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Estévez Rodríguez, Pablo Luis  
Fernández Pérez, José Manuel (conexión telemática no punto 2)

#### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel  
García González, Patricia  
González Abeijón, Fernando  
Martin Peña, Jose Miguel  
Sanchez Méndez, M<sup>a</sup> Luisa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 2 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Gómez Díaz, Gorka  
Iglesias González, Ana Laura (incorpórase no punto 2)  
Iglesias López, Patricia  
Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martínez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente

Espinosa Mangana, Elena, concelleira do grupo municipal Socialista

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos (09:05 h.) do día vinte e sete de outubro do ano dous mil vinte e cinco (27/10/25), coa Presidencia da Primeira Tenente de Alcalde, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego, por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## 1.(166). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 29 DE SETEMBRO DE 2025.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (23) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, aprobase a seguinte acta:

- Sesión núm. 17/2025 ordinaria, celebrada o 29/09/25

\*.- **Incidencia.** Sendo as 09:10 horas, incorpóranse á sesión o concelleiro Sr. Fernández Pérez (presencia telemática) e a concelleira Sra. Iglesias González, ambos pertencentes ao grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

## PARTE RESOLUTIVA



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/03/2026 12:21

Páxina 3 de 54

5206-1101

CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

### **2.(167). ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2025, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 378/143. (EXPTE. PLENO 5148/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe da Dirección Superior Contable e Orzamentaria, de data 10.10.25, que di o que segue,

«Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2023.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2025, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que "Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación".

A información que se remite corresponde ao TERCEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de SETEMBRO de 2025.

O formato dos informes que se relacionan da Entidade e do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, son extraídos do aplicativo GEMA, tanto dos informes da Execución Trimestral como do avance da Conta Xeral ao 30/09/2025.

Información sobre as entidades do Grupo con Orzamento Limitativo  
Gastos e Ingresos por capítulos da Entidade e da XMU  
Gastos por capítulos de exercicios pechados da Entidade o da XMU  
Gastos por programas e partidas da Entidade o da XMU  
Ingresos por capítulos de exercicios pechados da Entidade o da XMU  
Ingresos por subconceptos da Entidade o da XMU  
Modificacións Orzamentarias da Entidade o da XMU  
Devolución de ingresos da Entidade o da XMU  
Recadación Neta da Entidade e da XMU  
Remanente de Tesourería da Entidade e da XMU  
Resultado Orzamentario da Entidade e da XMU  
Estado de Tesourería da Entidade e da XMU



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 4 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ONP: Debedores, Acredores e Ingresos pendentes de aplicación, da Entidade e da XMU

Estados consolidados

Gastos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados

Ingresos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados

Gastos por Áreas consolidado

Gastos por capítulos exercicios pechados estados Consolidados

Ingresos por capítulos exercicios pechados estados Consolidados

Resultado orzamentario estados consolidados.

Fluxos de efectivo estados consolidados

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.»

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria de 20 de outubro, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do estado de execución do Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2025, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

### **3.(168). INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO 2025; DACIÓN DE CONTA. EXPTE. 30037/541. (EXPTE. PLENO 5149/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe de Tesourería, de data 10.10.25, que di o que segue,

«LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/03/2026 12:21

Páxina 5 de 54

5206-1101

CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

#### INFORME.-

##### I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

##### II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 6 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

(.....)

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"*

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

*"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 7 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.*

*Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”*

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FAcE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, é o seguinte:

Para as que se atopen pagadas ao final do período de cómputo

- a) A data de conformidade das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- b) A data de conformidade dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

Para as pendentes de pago



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 8 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Pendientes de pago e conformadas: desde data de conformidade até o último día do período de cómputo, agás, que os días transcurridos desde data rexistro até conformidade, sexa superior aos días transcurridos dende a data de rexistro +30, nese caso, a data de cómputo é a de data de rexistro +30 até o último día do período de cómputo.

Pedientes de pago e non conformadas ao final de período de cómputo: Se, desde data de entrada en rexistro contable de facturas até final do período de cómputo é menor que data rexistro+30, non computa no PMP.

Se, desde data de entrada en rexistro até final do período de cómputo é mayor que data rexistro+30, o número de días de cómputo é desde data rexistro+30 até final do período de cómputo.

Cando se pague esta factura, coa conformidade, os días de cómputo son desde data rexistro+30 até a data de pago.

O criterio de rexistro + 30, e o prazo que ten a Administración como máximo para dar conformidade, polo que, a partires desa data, a factura entra no cálculo do PMP, a data que ten a administración para conformar é a prevista no artigo 198.4 de la LCSP.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á conformidade da factura, ademais, deberá conformar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

#### IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio([www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf](http://www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf)), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de fac-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 9 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

turas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

V.- Datos correspondentes ao 3º trimestre do ano 2025.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2025 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU e LISTE ), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU	F. LISTE
<b>Pagos feitos no trimestre</b>					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	1.320	80	110	37	34
Importe dos pagos	39.825.385,50	522.199,01	151.564,84	26.959,53	4.314,57
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	4	2	13	0	0
Importe	19.975,73	154,28	13.831,32	,00	
<b>PMP (período medio de pago do trimestre)</b>	<b>5,83 días</b>	<b>12,76 días</b>	<b>12,11 días</b>	<b>2,85 días</b>	<b>5,27 días</b>
<b>Intereses de demora pagados no trimestre</b>					
Nº de pagos	,00	,00	,00	,00	,00
Importe	,00	,00	,00	,00	,00
<b>Pagos pendentes ao remate do trimestre</b>					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	148	29	16	0	3
Importe dos pagos	6.113.536,33	142.095,32	3.676,71	,00	922,52
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	31	2	1	0	0



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 10 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Importe	308.036,45	80,62	115,64	,00	,00
<b>PMPP (Período medio pendiente de pago do trimestre)</b>	<b>5,35 días</b>	<b>8,91 días</b>	<b>15,54 días</b>	<b>0,00 días</b>	<b>0,77 días</b>

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendiente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

As facturas pagadas ou pendentes de pago que están ou foron pagadas fora do período legal de pagos, non teñen causa nun problema de liquidez, senón, que na maioría dos casos, a súa causa é o atraso na conformidade e tramitación da mesma polo servizo xestor do gasto, que en cumprimento do previsto na Base 18ª.2.i) das de Execución do Orzamento, debería dar conformidade ou desconformidade ao documento, nos 5 días hábiles seguintes o da súa recepción.

### Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade									
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. LISTE	
	Días		Días		Días		Días			
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	8,38	11,92	13,14	11,34	22,82	16,47	2,88			
Segundo	7,38	2,19	10,71	12,49	30,83	27,52	5,80		2,06	0,00
Terceiro	5,83	5,35	12,76	8,91	12,11	15,34	2,85		5,27	0,77
Cuarto										

### En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade									
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. LISTE	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	25.880.348,48	7.668.317,32	153.411,02	280.003,59	169.571,29	28.034,22	25.536,97	,00		
Nº pagos	876	224	75	20	169	28	27	0		
Segundo	41.828.762,09	7.507.592,78	519.570,45	151.862,50	206.107,83	6.480,17	45.089,62	,00	4.376,22	781,07
Nº pagos	1.402	192	86	27	199	13	57	0	45	3
Terceiro	39.845.361,23	6.421.572,78	522.353,29	142.175,94	165.396,16	3.792,35	26.959,53		4.314,57	922,52
Nº pagos	1.324	179	82	31	123	17	37		34	3
Cuarto										
Nº pagos										

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 11 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Análise por meses para o grupo

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago, ano 2025.

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2025													
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maiο	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Media/P.L
Ent. Local	7,74	6,55	7,52	6,73	8,25	4,88	4,97	5,73	5,56				7,31
MARCO	19,18	24,64	17,73	18,20	34,77	32,66	11,89	19,40	10,48				
XMU	8,98	6,96	3,93	10,03	6,56	5,12	8,11	11,60	9,90				11,10
V. C.BUR.	1,27	3,57	4,35	3,75	6,57	7,13	1,08	5,46	2,01				
LISTE						7,01	2,46	3,89	3,68				
<b>PMP Glob</b>	<b>7,80</b>	<b>6,67</b>	<b>7,51</b>	<b>6,83</b>	<b>8,41</b>	<b>5,10</b>	<b>5,04</b>	<b>5,86</b>	<b>5,64</b>				

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2025

Mes	INSTITUCIÓN									
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		LISTE	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	7.436.594,51	3.158.235,90	29.693,21	14.200,68	27.967,00	24.391,84	2.991,38	0,00		
Febreiro	11.330.968,32	5.272.670,47	68.873,90	67.788,18	68.853,61	38.014,84	1.549,79	0,00		
Marzo	10.754.709,27	7.758.819,83	54.843,91	280.003,59	72.750,68	28.034,22	20.995,80	0,00		
Abril	16.299.973,99	7.793.951,50	360.966,78	44.993,11	21.036,25	73.789,41	24.692,64	0,00		
Maiο	15.692.571,24	2.709.317,89	68.755,43	84.209,98	12.256,34	107.823,14	7.392,57	0,00		
Xuño	15.122.743,20	7.692.543,62	89.848,24	151.862,50	172.815,24	6.480,17	13.004,41	0,00	1.248,35	781,07
Xullo	16.853.440,58	7.132.355,68	210.624,67	196.661,56	66.432,47	17.219,01	6.332,99	0,00	1.341,78	915,08
Agosto	15.498.526,34	2.159.180,85	185.405,33	164.420,21	22.285,47	4.542,94	12.453,95	0,00	1.689,70	880,97
Setembro	12.013.578,56	6.427.338,43	126.023,29	142.175,94	76.668,22	3.792,35	8.172,59	0,00	1.291,06	975,52
Outubro										
Novembro										
Decembro										
<b>TOTAL</b>	<b>121.003.106,01</b>		<b>1.195.034,76</b>		<b>541.065,28</b>		<b>97.586,12</b>		<b>5.570,89</b>	<b>,00</b>



Análise para o conxunto do período para os entes con Orzamento Limitativo (Concello e XMU)

INSTITUCIÓN	PERÍODO DE PAGO ANUAL/días
Concello de Vigo	7,31
Xerencia Municipal de Urbanismo	11,10

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións, embargos e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 20 de setembro 2025, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do informe trimestral de tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 3º trimestre do 2025. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

\*.- ***Incidencia.*** Sendo as 09:43 h e en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero. Recorda a Presidencia que son 1327 vítimas dende 2003, neste 2025 son 35, subliñando que "este si é un problema grave para a sociedade".

**MOCIÓNS:**

**4.(169). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG URXINDO A APLICACIÓN DE MEDIDAS DIANTE DA SITUACIÓN DE EMERXENCIA HABITACIONAL EN VIGO. EXPTE. 5173/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2025, número 5173/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

**MOCIÓN**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 13 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## «URXINDO A APLICACIÓN DE MEDIDAS DIANTE DA SITUACIÓN DE EMERXENCIA HABITACIONAL EN VIGO

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de emerxencia habitacional na cidade de Vigo que impide o acceso á vivenda a un cada vez maior número de persoas, nomeadamente familias traballadoras e mocidade, continúa a avanzar e agravarse diante da falla de políticas públicas que garantan o primeiro dereito da cidadanía que é, precisamente, o de poder habitar a súa cidade.

O prezo medio do alugueiro no pasado mes de setembro en Vigo foi de 693,1 euros (datos oficiais do Instituto Galego de Vivenda e Solo) o que constata un incremento do 35% desde 2020 e unha suba de arredor do 50% en apenas dez anos. A restrición da oferta de vivendas dispoñíbeis para alugueiro residencial, a pesar de contarmos cun parque de vivenda desocupada de máis de 22 mil (datos do último censo de fogares do INE), é cada vez maior como consecuencia directa da proliferación do fenómeno ultraspeculativo dos pisos turísticos que xa son máis de 2.400 en Vigo, o que supón un incremento de 2 mil nos últimos 3 anos, facendo que na nosa cidade haxa máis do 40% do volume total de vivendas de uso turístico do conxunto das 7 cidades galegas.

A isto cómpre engadir a realidade especialmente crúa e dura de que na nosa cidade continúa a producirse, de media, un desafiuzamento cada tres días que agora teñen como causa principal a imposibilidade de afrontar os custes dos alugueiros. Despexos que se seguen a producir, malia que a propaganda oficial o negue, sen ningunha alternativa habitacional: nin da Xunta de Galiza, nin do Concello de Vigo. De feito, a finais deste mes de outubro, 25 familias están a espera da execución do seu despexo. E a elas engádense as 21 persoas, en situación de vulnerabilidade social, que fican baixo a ameaza de acabaren na rúa por causa do feche da pensión Nosa Señora do Carme a partir do vindeiro 31 de decembro, sen que polo momento ningunha administración teña actuado para procurarlles unha alternativa.

Diante desta situación e dos seus gravísimos efectos sociais o conxunto das administracións públicas continúan sen desprezar medidas efectivas para intervir no mercado da vivenda e antepoñer o dereito social por acima das dinámicas especulativas.

A inacción da Xunta de Galiza, malia deter plenas competencias nesta materia, e a nefasta política de vivenda posta en marcha polo Partido Popular desde 2009 impediu até o momento que a maior cidade do noso País poida contar cun parque público de vivenda social e protexida.

A isto engádense a falla de medidas concretas por parte dun Goberno español que continúa sen destinar as vivendas das que é titular a SAREB (participada maioritariamente polo Estado) a uso social, senón que permite que o denominado banco malo se comporte como un fondo especulativo e voitre, vendendo a prezo de mercado as súas promocións na rúa Aragón ou practicando o acoso inmobiliario contra poboación vulnerábel residente na Privada Moderna, no barrio do Calvario.

E como corolario a inacción continuada do Goberno municipal presidido por Abel Caballero, instalado na negación de que o Concello legalmente pode e politicamente debe desprezar políticas específicas en materia de vivenda.

Diante desta situación, e despois de reiteradas e continuadas iniciativas promovidas polo BNG recollendo as reivindicacións do tecido asociativo e do conxunto da cidadanía, o Pleno do Concello de Vigo aprobaba o 25 de marzo de 2024 unha moción con MEDIDAS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 14 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PARA FREAR O AUMENTO DO PREZO DOS ALUGUEIROS E FACILITAR O ACCESO SOCIAL Á VIVENDA NA CIDADE. A súa aprobación, pola ilustrativa abstención dos grupos municipais do PSOE e do Partido Popular, supuña o recoñecemento da gravidade do problema da vivenda na cidade e debía ter marcado un positivo punto de inflexión para o abordar. No entanto, 19 meses despois, o Goberno municipal non executou ningún dos 9 acordos que o atinxían, aprobados polo máximo órgano de representación democrática da cidade que é o Pleno municipal.

Desde entón continuamos a padecer a incomprensíbel negativa a solicitar a declaración da cidade como zona tensionada do mercado da vivenda (que si tramitaron outras cidades como A Coruña ou Compostela) a pesar de que o informe externo encargado polo Concello confirmaba que Vigo cumpre as condicións fixadas por lei para acollerse a ese mecanismo de intervención dos prezos. Tampouco se aplicou unha moratoria que impida o avance dos pisos turísticos e a tramitación da súa ordenanza reguladora está apenas nunha fase previa, sen borrador coñecido. Non se puxo en marcha un verdadeiro Plan facilitador do alugueiro, nin se garante a utilización dos aproveitamentos urbanísticos que lle corresponden ao Concello para os incorporar a un parque municipal de vivenda protexida e social. Non se avanzou tampouco en lograr a cesión, inda que for en uso, das vivendas das que é titular a SAREB na nosa cidade para o seu uso social. Non houbo, nin hai, a máis mínima intención de poñer en marcha un plan de acción para a mobilización das vivendas baleiras co obxectivo de aumentar a oferta de alugueiro e reducir prezos. Nin tampouco se avanzou na planificación en detalle dos ámbitos urbanísticos previstos no novo PXOM e dos que depende a maioría da promoción de vivenda protexida.

De feito, os únicos pasos concretos que se teñen dado polo Goberno municipal en relación ao acordado, a proposta do BNG, no Pleno de marzo de 2024 é unha modificación orzamentaria para dotar de 4,5 millóns de euros para constituír a Empresa Municipal de Vivenda, da que o único que existe até o momento para alén desa ridícula dotación orzamentaria é unha "Comisión" integrada polo propio Goberno e persoal funcionario para abordar os tramites legais previos para a constitución da referida empresa municipal. Iso e o anuncio, en xullo e sen que conste ningunha xestión nin exista expediente municipal algún, de promover un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para crear un Observatorio da Vivenda.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1. Urxir ao Goberno municipal e mais a Xunta de Galiza a, no exercicio das súas competencias, garantir unha alternativa habitacional digna ás 21 persoas en situación de vulnerabilidade social actualmente residentes na Pensión Nosa Señora do Carme ante o seu feche, previsto para o 31 de decembro, así como para o conxunto de persoas empobrecidas que fican en risco de desafiuzamento na nosa cidade.
2. Volver instar a Xunta de Galiza e ao Goberno español para cooperar e, no exercicio das súas respectivas competencias, adoptaren todas as medidas necesarias para frear o aumento dos prezos da vivenda, nomeadamente en réxime de alugueiro, e facilitar o acceso social á vivenda.
3. Reiterar a esixencia á Xunta de Galiza para que exerza as súas competencias no referido á promoción do acceso social á vivenda na cidade de Vigo e, singularmente, instala a garantir unha alternativa habitacional digna no noso termo municipal ás



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 15 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

persoas e familias en situación de vulnerabilidade social que sexan vítimas dun desafiuzamento, así como a despregar unha decidida promoción pública de vivenda na nosa cidade.

4. Volver demandar a Xunta de Galiza a modificación das previsións do Plan Parcial de Navia para aumentar substancialmente as vivendas de promoción pública e destinar, como mínimo, o 50% das mesmas para alugueiro social.

5. Urxir o Goberno municipal a executar as medidas aprobadas polo Pleno do 25 de marzo de 2024, recollidas na moción de *MEDIDAS PARA FREAR O AUMENTO DO PREZO DOS ALUGUEIROS E FACILITAR O ACCESO SOCIAL Á VIVENDA NA CIDADE*, e demandar que dea conta do seu grao de execución de maneira trimestral diante do Pleno:

- a Iniciar os trámites precisos para lograr a declaración da cidade como zona tensionada do mercado da vivenda aos efectos de poder despregar as medidas legalmente previstas para frear o aumento continuado dos prezos de alugueiro.
- b Adoptar as medidas necesarias para frear a proliferación de vivendas de uso turístico (VUT) na cidade e elaborar unha ordenanza municipal para o seu regulamento, aplicando unha moratoria de 5 anos na autorización de novas VUT.
- c Poñer en marcha un Plan Municipal Facilitador do Alugueiro en Vigo, que inclúa entre outras medidas que o Concello asuma e responda polos avais e seguros que están esixindo as e os propietarios de cara a subscribir os contratos de alugueiro, así como unha liña de axudas municipais para anticipar os pagos das fianzas e permitir a súa devolución en 24 meses sen xuros, destinada especialmente a mocidade e persoas con baixos recursos.
- d Destinar os aproveitamentos urbanísticos que lle correspondan ao Concello para os incorporar a un parque municipal de vivenda social en réxime de alugueiro.
- e Demandar do Goberno español a cesión por parte da SAREB das vivendas das que é titular na cidade para a súa inclusión nun parque de vivenda social.
- f Efectivizar a creación da Empresa Municipal de Vivenda, como instrumento para o despregamento dunha enérxica política municipal en materia de vivenda, e mais dun Observatorio Local da Vivenda para a monitorización da evolución do mercado inmobiliario na cidade.
- g Estabelecer un plan de acción local destinado a mobilizar as 22 mil vivendas baleiras existentes na cidade, co obxectivo de aumentar a oferta de alugueiro a prezos accesíbeis para a maioría social que representan as clases populares e traballadoras.
- h Axilizar a planificación en detalle das figuras urbanísticas incluídas no proxecto de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal e que se prevé sexan destinados maioritariamente á promoción de vivenda protexida.»

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

#### VOTACIÓN:

- Votos a favor*: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra*: dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- Abstencións*: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 16 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ACORDO:

Con tres votos (3) a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, dezasete (17) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e cinco (5) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.10.25 (Rex. Nº 5173/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "Urxindo a aplicación de medidas diante a situación de emerxencia habitacional en Vigo", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**5.(170). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTÁNDOLLE Á XUNTA DE GALICIA SE RESPONSABILICE DA XESTIÓN DOS SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 5172/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2025, número 5172/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

«A ORDE do 21 de febreiro de 2007 pola que se regulaba a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, recollía nas disposicións xerais que " *O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa. Así, os comedores escolares, ademais de cumpriren unha función básica de alimentación e nutrición, están integrados na vida e organización dos centros educativos de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do centro educativo*".

Tamén no artigo 2 sobre Modalidades de prestación do servizo, no apartado 2 especificaba: " *Excepcionalmente, a Administración educativa poderá colaborar na xestión e organización do servizo cos respectivos concellos, deputacións ou outras institucións públicas ou privadas, así como con outras entidades ou colectivos, como poden ser as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións*".

Orde de 2007, un socialista presidía a Xunta de Galicia.

DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, recolle nas disposicións xerais: "a Administración autonómica galega, conforme as competencias que a normativa vixente lle atribúe, pretende co presente decreto articular unha opción organizativa e prestacional do servizo público educativo complementario que é o comedor escolar", e segue "o presente decreto configura o comedor escolar como un recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación básica obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade". Pero continúa, "a experiencia acadada na xestión dos comedores escolares desde a entrada en vigor da anterior normativa de comedores escolares ata de agora, permite abordar mediante o pre-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 17 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

sente decreto modificacións conceptuais e cambios organizativos que redundarán, sen dúbida, nunha maior eficacia na organización e desenvolvemento do servizo”.

E no artigo 2 sobre Modalidades de xestión do servizo de comedor escolar xa recolle especificamente:

*d) Xestión do comedor escolar por administracións públicas distintas da Xunta de Galicia, responsables da contratación e xestión integral do servizo, mediante a subscripción, se é o caso, de convenios de colaboración para o efecto.*

*e) Xestión do comedor escolar por entidades privadas sen ánimo de lucro, responsables da contratación e xestión integral do servizo, autorizadas para o efecto pola consellería competente en materia de educación, como poden ser as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións con que esta, se é o caso, poderá establecer fórmulas de colaboración mutua”.*

Decreto de 2013, o Partido Popular goberna en Galicia.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguintes

#### ACORDOS

- Esixirlle á Xunta de Galicia que, como lle corresponde, se responsabilice da xestión dos servizos educativos complementarios como o comedor, as aulas matinais e as actividades extraescolares.
- Esixirlle á Xunta de Galicia que, como se aprobou no pasado pleno do 12 de setembro de 2025, se recupere, nos orzamentos do 2026, o programa de gratuidade de libros de texto para todo o alumnado en escolaridade obrigatoria.»

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 24 de outubro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5134/1101, co seguinte texto:

*"Unico.- Substituir o primeiro acordo polo seguinte texto:*

*-Esixirlle á Xunta de Galicia que , no exercicio das súas competencias no ámbito educativo, asuma o financiamento e xestión dos servizos de comedor escolar, aula matinal e actividades extraescolares, garantindo a súa prestación en todos os centros educativos públicos da cidade de Vigo, así como que reforce o servizo de autobús escolar atendendo as necesidades dos diferentes centros."*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, poñente da moción, incorpora o ultimo inciso *"así como que reforce o servizo de autobús escolar atendendo as necesidades dos diferentes centros"* da emenda formulada polo grupo municipal do BNG, engadíndoo ao resolutivo primeiro do acordo proposto polo grupo Socialista, quedando da forma sinalada na parte dispositiva.

VOTACIÓN da aceptación da EMENDA nos termos sinalados pola concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Alonso Suárez:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 18 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- **Votos a favor:** vinte (20) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- **Votos en contra:** cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- **Abstencións:** ningunha.

#### VOTACIÓN da moción enmendada:

- **Votos a favor:** vinte (20) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- **Votos en contra:** cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- **Abstencións:** ningunha.

#### ACORDO:

Con vinte (20) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.10.2025 (Rex. Nº 5178/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, "*Instando á Xunta de Galicia se responsabilice da xestión dos servizos educativos complementarios*", co seguinte acordo, incluíndo o último inciso da emenda do voceiro do BNG, que foi aceptado,

- Esixirlle á Xunta de Galicia que, como lle corresponde, se responsabilice da xestión dos servizos educativos complementarios como o comedor, as aulas matinais e as actividades extraescolares, así como que reforce o servizo de autobús escolar atendendo as necesidades dos diferentes centros.
- Esixirlle á Xunta de Galicia que, como se aprobou no pasado pleno do 12 de setembro de 2025, se recupere, nos orzamentos do 2026, o programa de gratuidade de libros de texto para todo o alumnado en escolaridade obrigatoria."

\*.- **Incidencia.** Sendo as 10:28 horas, ausentase do Salón de Plenos o concelleiro Sr. Pardo Espiñeira do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 19 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## 6.(171). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA A INCLUIR NOS SEUS ORZAMENTOS DO 2026 A PARTIDA CORRESPONDENTE PARA FIXAR O CONVENIO ANUAL DO CONCELLO DE VIGO, NUN MÍNIMO DE 6.5 MILLÓNS DE EUROS. EXP-TE. 5168/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2025, número 5168/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

### MOCIÓN

«No pasado Pleno, celebrado o 29 de setembro deste ano, aprobabamos unha moción instando á Deputación de Pontevedra a incrementar a contía anual do Convenio co Concello de Vigo, dado que o actual goberno do PP da Deputación o mantén conxelado desde a súa toma de posesión en xullo de 2023.

Dende esa data, o goberno da Deputación presume continuamente de incrementar as achegas aos concellos da provincia, mentres que a correspondente a Vigo se mantén igual.

Neste curto período de tempo transcorrido dende o noso último Pleno, a Deputación aprobou recentemente dous novos plans extraordinarios dotados con 8 e con 35 millóns para concellos de ata 50.000 habitantes. Alegrámonos de que os concellos da provincia poidan dispor de máis fondos, pero é evidente que todas estas decisións do goberno da Deputación deben levar consigo atender á cidade máis importante da provincia que, cómpre lembrar, achega pola súa poboación 85 millóns de euros ao orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

### ACORDO

- Instar ao goberno da Deputación Provincial de Pontevedra a incluír nos seus Orzamentos para o ano 2026 a partida correspondente para fixar o Convenio anual co Concello de Vigo nun mínimo de 6,5 millóns de euros, así como a correspondente compensación polo ano 2025.»

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

### VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* dezanove (19) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións:* ningunha.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 20 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ACORDO:

Con dezanove (19) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16) mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.10.25 (Rex. Nº 5168/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "Instando ao goberno da Deputación Provincial a incluír nos seus Orzamentos 2026 a partida correspondente para fixar o convenio anual do Concello de Vigo, nun mínimo de 6,5 millóns de euros", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

\*.- **Incidencia.** Sendo as 10:48 horas, co permiso da Presidencia, incorpórase ao Salón de Plenos o concelleiro Sr. Pardo Espiñeira do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

**7.(172). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A FACER PÚBLICAS AS CONTAS DE TURGALICIA. EXPTE. 5171/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2025, número 5171/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

«Os gobernos da Xunta de Galicia do PP, de Feijóo e Rueda, negaron sempre a colaboración para o desenvolvemento do Aeroporto de Peinador de Vigo.

Feijóo defendeu a tese de que Santiago debía ser o aeroporto central de Galicia, condenando a unha situación de marxinalidade os da Coruña e Vigo. No caso de Vigo, buscou-se na práctica o seu peche, o que provocou unha forte contestación de toda a cidade en defensa do aeroporto.

Durante moitos anos vimos denunciando a situación de que o goberno de Galicia financiaba voos no aeroporto de Santiago e negaba o mesmo trato, cando menos, ao aeroporto de Vigo.

A Xunta negaba este feito, pero rexeitaba sistematicamente, nun exercicio de ocultismo das contas públicas, facilitar as contas de Turgalicia.

En datas recentes, a compañía Ryanair decidiu reducir o número de voos desde o aeroporto de Santiago, confirmando que cando a Xunta deixou de subvencionar voos, esta compañía reduciu a súa presenza, o que confirma a nosa teoría.

A Xunta practicou, durante anos, unha competencia desleal con respecto ao aeroporto de Vigo.

Hoxe, máis ca nunca, é obrigatorio que a Xunta de Galicia faga públicas as contas de Turgalicia que cubriron as subvencións ás compañías noutros aeroportos, mentres a Vigo se lle negaba sistematicamente un trato igualitario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 21 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a facer públicas as contas de Turgalicia dos últimos 15 anos, en todos aqueles gastos que teñan que ver con publicidade en destino e ás liñas aéreas que cubren os traxectos dende Santiago aos destinos.»

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 24 de outubro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de engádeda que consta no expediente electrónico número 5179/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

#### VOTACIÓN:

•Votos a favor: unanimidade dos vinte e cinco membros presentes (25); dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abejón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

#### ACORDO:

Por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros presentes da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.10.25 (Rex. Nº 5171/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "Instando á Xunta de Galicia á remisión ao Ministerio de Sanidade dos datos actualizados sobre distintos tipos de cancro", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

\*.- ***Incidencia.*** Sendo as 11:07 horas, auséntase do Salón de Plenos o concelleiro Sr. Aneiros Pereira do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 22 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## 8.(173). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á REMISIÓN AO MINISTERIO DE SANIDADE DOS DATOS ACTUALIZADOS SOBRE DISTINTOS TIPOS DE CANCRO. EXPTE. 5174-1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2025, número 5174/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

### MOCIÓN

«A detección temperá do cancro é unha das ferramentas máis eficaces da saúde pública moderna. Grazas aos programas de cribado pódense identificar lesións ou enfermidades en fases iniciais, cando o tratamento é máis efectivo e menos agresivo. Falar de cribados é, literalmente, falar de salvar vidas: detrás de cada estatística hai persoas que poden vivir máis e mellor grazas a unha detección precoz.

O Ministerio de Sanidade, no exercicio das súas competencias de coordinación e avaliación do Sistema Nacional de Saúde, solicitou recentemente ás comunidades autónomas a remisión dos datos actualizados sobre os programas de cribado de cancro de mama, colon e cérvix. Estes datos son imprescindibles para avaliar a eficacia dos programas, detectar desigualdades territoriais e mellorar a planificación das políticas sanitarias en todo o Estado.

Porén, a Xunta de Galicia negouse a facilitar esa información ao Goberno de España, seguindo a estratexia impulsada desde a dirección nacional do Partido Popular, en Génova, e replicada por outros Executivos autonómicos do mesmo signo político. Non se trata dun debate técnico nin dunha cuestión formal: trátase dunha decisión política de bloqueo, que prioriza a confrontación partidista fronte á cooperación institucional e fronte ao dereito da cidadanía a unha sanidade pública transparente, eficaz e sometida a avaliación.

Cómpre lembrar que esta negativa vulnera abertamente o principio de lealdade institucional e cooperación entre administracións públicas, recollido no artigo 3 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, que obriga todas as administracións — estatais, autonómicas e locais— a actuar con boa fe, colaboración e respecto mutuo no exercicio das súas competencias. Do mesmo xeito, a Lei 16/2003, de Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Saúde, establece nos seus artigos 53 e seguintes que as administracións sanitarias deben intercambiar información e facilitar datos ao Ministerio de Sanidade para garantir a cohesión, a equidade e a avaliación conxunta do sistema público de saúde.

A Xunta de Galicia, ao negarse a enviar os datos solicitados, incumpre unha obriga legal, pero tamén moral e política, porque a transparencia e a cooperación institucional son condicións indispensables para un sistema sanitario público eficaz. O exemplo de Andalucía, onde o propio Goberno autonómico recoñeceu a súa negativa a remitir os datos dos cribados oncolóxicos, mostra que esta estratexia é coordinada e responde a directrices políticas máis amplas. Esa opacidade non só deteriora a confianza cidadá, senón que pode custar vidas ao atrasar melloras e avaliacións que salvan persoas.

Vigo, como principal cidade galega e referente sanitario, non pode permanecer en silencio ante esta situación. A defensa da saúde pública, da transparencia e da cooperación institucional debe estar por riba de calquera cálculo político.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguintes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 23 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ACORDOS

- Primeiro. Instar á Xunta de Galicia, e concretamente á Consellería de Sanidade, a remitir de inmediato ao Ministerio de Sanidade os datos actualizados relativos aos programas de cribado de cancro de mama, colon e cérvix, de acordo cos protocolos e prazos establecidos polo Sistema Nacional de Saúde, en cumprimento da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Lei 16/2003, de Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Saúde.
- Segundo. Solicitar ao Ministerio de Sanidade que informe periodicamente ás corporacións locais galegas sobre o grao de cumprimento desta obriga de remisión de datos por parte da Xunta de Galicia, co fin de garantir o dereito á información da cidadanía e a transparencia en materia sanitaria.
- Terceiro. Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade, ao Ministerio de Sanidade e á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).»

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 24 de outubro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5180/1101, co seguinte texto:

*"Unico.- Substituir a proposta de acordos pola seguinte:*

*"Primeiro.- Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a facer públicos os datos actualizados relativos aos programas de cribado de cancro de mama, colon e cervix, e dar conta dos mesmos perante o Parlamento galego.*

*-Segundo.- Instar ao Goberno galego a incorporar no proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro exercicio 2026 a dotación económica necesaria para o reforzamento e alargamento dos programas de cribado oncolóxico, o reforzamento de todas as medidas preventivas e aumentar os medios e recursos dispoñibles en todos os niveis e ámbitos do sistema sanitario público galego para a atención e tratamento do cancro, procurando a súa máxima axilización".*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Iglesias González, poñente da moción, incorpora o segundo resolutivo da emenda formulada polo grupo municipal do BNG, engadíndoo como un carto resolutivo ao acordo proposto polo grupo Socialista, quedando da forma sinalada na parte dispositiva.

VOTACIÓN da aceptación da EMENDA nos termos sinalados pola concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Iglesias González:

•*Votos a favor:* dezanove (19) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 24 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- *Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Abstencións:* ningunha.

#### VOTACIÓN da moción enmendada:

- *Votos a favor:* dezanove (19) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Abstencións:* ningunha.

#### ACORDO:

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.10.2025 (Rex. Nº 5174/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "Instando á Xunta de Galicia á remisión ao Ministerio de Sanidade dos datos actualizados sobre distintos tipos de cancro", co seguinte acordo, incluíndo o segundo parágrafo da emenda do voceiro do BNG, que foi aceptada e engadida como carto parágrafo.

- Primeiro. Instar á Xunta de Galicia, e concretamente á Consellería de Sanidade, a remitir de inmediato ao Ministerio de Sanidade os datos actualizados relativos aos programas de cribado de cancro de mama, colon e cérvix, de acordo cos protocolos e prazos establecidos polo Sistema Nacional de Saúde, en cumprimento da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Lei 16/2003, de Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Saúde.
- Segundo. Solicitar ao Ministerio de Sanidade que informe periodicamente ás corporacións locais galegas sobre o grao de cumprimento desta obriga de remisión de datos por parte da Xunta de Galicia, co fin de garantir o dereito á información da cidadanía e a transparencia en materia sanitaria.
- Terceiro. Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade, ao Ministerio de Sanidade e á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).
- Carto. Instar ao Goberno galego a incorporar no proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro exercicio 2026 a dotación económica necesaria para o reforzamento e alargamento dos programas de cribado oncolóxico, o reforzamento de todas as medidas preventivas e aumentar os medios e recursos dispoñibles en todos os niveis e ámbitos do sistema sanitario público galego para a atención e tratamento do cancro, procurando a súa máxima axilización.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 25 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

\*.- **Incidencia.** Sendo as 11:26 horas, co permiso da Presidencia, incorpórase ao Salón de Plenos o concelleiro Sr. Aneiros Pereira e auséntase o concelleiro Sr. Pardo Iglesias, ambos pertencentes ao grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

**9.(174). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REPROBANDO A ACTITUDE DA XUNTA DE GALICIA E NOMEADAMENTE AO CONSELLEIRO DE SANIDADE, POR REXEITAR QUE VIGO CONTE CUNHA FACULTADE DE MEDICINA. EXPTE. 5170/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2025, número 5170/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

«En pleno mes de xullo atopabámonos con titulares nos medios de comunicación tales como: "A Xunta pacta con Santiago a blindaxe da exclusividade da Facultade de Medicina".

Nos días seguintes, xa en boca do conselleiro de Sanidade, escoitabamos e tamén líamos que "un grao descentralizado é suficiente", referíndose, claro está, á Facultade de Medicina.

Ante estas declaracións, o alcalde de Vigo transmitía que o que a Xunta estaba a dicir era un "non" á Facultade de Medicina de Vigo, e que este Vigo ía dar a batalla defendendo a facultade de Medicina para Vigo.

Tamén varios xefes do CHUVI saíron defendendo que darían a batalla pola facultade. E os docentes da Universidade de Vigo criticaban o localismo centralista da Universidade da Coruña.

Porque efectivamente, como dicía o alcalde de Vigo, contamos con grandes profesionais que teñen capacidade para a docencia e, desde logo, poden impartir clases coa mesma calidade que no resto das facultades de Medicina.

O Alcalde de Vigo engadía ademais que somos a maior cidade de España sen facultade de Medicina, e isto podería ser extensivo a áreas da Unión Europea con moita menos poboación.

Pero, a Xunta de Galicia seguiu co seu obxectivo de descentralizar Medicina e non crear unha nova facultade para Vigo; é máis, apremaba os reitores para que o segundo ciclo de Medicina sexa compartido.

Mesmo o presidente da Xunta urxía o "consenso" entre os reitores. Estamos, pois, ante unha aposta clara do conselleiro de Sanidade por unha facultade única de Medicina; ou dito doutro xeito, o conselleiro non quere que exista unha Facultade de Medicina en Vigo.

Mais non apostar pola creación dunha Facultade de Medicina en Vigo é quedar ancorados no século XIX e de novo relegar a Vigo fronte a outras cidades.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 26 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

- Reprobar a actitude da Xunta de Galicia, e nomeadamente do conselleiro de Sanidade, D. Antonio Gómez Caamaño, por rexeitar que Vigo conte que cunha Facultade de Medicina.»

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* dezasete (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comeña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con dezasete (16) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.10.25 (Rex. Nº 5170/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "*Reprobando a actitude da Xunta de Galicia e nomeadamente ao conselleiro de Sanidade, por rexeitar que Vigo conte cunha Facultade de Medicina*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**PARTE DE CONTROL**

**MOCIÓNS.**

\*.- **Incidencia.** Sendo as 11:44 horas, co permiso da Presidencia, incorpórase ao Salón de Plenos o concelleiro Sr. Pardo Iglesias e auséntase o concelleiro Sr. Aneiros Pereira, ambos pertencentes ao grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

**10.(175). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A PERDA E DEVOLUCIÓN DE FONDOS EUROPEOS NEXT GENERATION CONCEDIDOS A ESTE CONCELLO, POLA MANIFESTA INCAPACIDADE DO GOBERNO MUNICIPAL Á HORA DE ACOMETER OS PROXECTOS BENEFICIADOS EN TEMPO E FORMA DENTRO DOS PRAZOS ESTABLECIDOS. EXPTE. 5167/1101.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 27 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2025, número 5167/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A PERDA E DEVOLUCIÓN DE FONDOS EUROPEOS NEXT GENERATION CONCEDIDOS A ESTE CONCELLO POLA MANIFESTA INCAPACIDADE DO GOBERNO MUNICIPAL Á HORA DE ACOMETER OS PROXECTOS BENEFICIADOS EN TEMPO E FORMA DENTRO DOS PRAZOS ESTABLECIDOS

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 29 de setembro o goberno municipal acordaba e resolvía a devolución de 3.000.000 de euros procedentes dos fondos europeos Next Generation que lle foran concedidos en abril de 2023 para acometer a reforma da torre do Concello no marco das axudas convocadas para a rehabilitación de edificios públicos. Unha cantidade á que lle tivo que sumar o pago de 257.000 euros en xuros pola non execución do proxecto subvencionado en tempo e forma dentro do prazo establecido, fixado para o vindeiro 31 de marzo de 2026.

A realidade é que este goberno municipal, dous anos e medio despois de ter concedida a axuda, nin tan sequera foi quen en todo este tempo de ter comenzado a executar o proxecto subvencionado. De feito, o calendario que manexa establece o remate das obras a finais de 2027. É dicir, case dous anos máis tarde do que debería. Unha mostra máis da súa ineficacia, incapacidade e incompetencia á hora de xestionar estes fondos. E iso, se se leva a cabo...

Xa que logo, a pregunta é Que vai a pasar agora con este proxecto? Vaise facer si ou si ou vai acabar nun caixón coma tanto outros? E no caso de seguir adiante, Como pensa financiar o goberno municipal os 3.000.000 de euros devoltos? Vannos pagar os viguezses do seu peto?

Iso foi precisamente o que aconteceu coa reforma do parque infantil "Camilo José Cela", que tamén contaba cun financiamento dos Next Generation de 120.000 euros, condicionados á execución da obra antes do 31 de decembro de 2023. Prazo que este goberno tamén se amosou incapaz de cumprir polo que, do mesmo xeito, tivo de devolver os cartos e acometer as obras, finalizadas cun atraso de 15 meses, con cargo aos orzamentos municipais.

O mesmo que aconteceu coa reforma do Mercado de Teis, que tamén perdeu a achega europea de 670.000 euros da que foi beneficiario este goberno municipal. Unha vez máis, foi incapaz de cumprir cos requisitos e prazos, de xeito que agora seremos os viguezses os que acabaremos pagando a súa incompetencia poñendo os cartos dos nosos impostos para acometer a devandita reforma.

O que non sabemos se finalmente se levará a cabo será o parque infantil "A Reconquista", no Berbés, para o que tamén se concederon 120.000 euros, xa perdidos; ou a plataforma online para o pequeno comercio, o famoso "Amazon vigués", do que nunca se moveu un só papel. Unha iniciativa enmarcado dentro do Programa de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas que contaba cunha axuda de 370.000 euros, que tamén se perdeu.

En total cinco proxectos, por importe de 4,5 millóns de euros, dos que o alcalde presumiu abertamente cando se lle concederon os fondos, pero dos que ten calado e se nega a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 28 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

informar logo da perda dos mesmos. O que deixa ás claras o fracaso do seu goberno, que dende o ano 2022 conta cun área específica para xestionar e coordinar a solicitude, seguimento e xustificación dos fondos europeos, da que a máxima responsable e a Terceira Tenente de Alcalde, Elena Espinosa.

Un estrepitoso fracaso que se amosa tamén na recente decisión de sacar á licitación un servizo externo de antena e xestión técnica de proxectos cofinanciados a través de programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais, que lle vai custar as arcas municipais 785.000 euros.

Por todo isto, a presenta moción eleva ao Pleno de Vigo para o seu debate e eventual aprobación os seguintes

#### ACORDOS:

1.- Esixir as responsabilidades políticas deste goberno municipal pola perda e reingreso de máis de 4,5 millóns de euros de fondos Next Generation concedidos para cinco proxectos non executados, ou executados forza de prazo: reforma do mercado de Teis; fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas (Amazón vigués); renovación parque Camilo José Cela; instalación parque infantil "A Reconquista" no Berbés; envolvente torre do Concello

2.- Esixir a comparecencia urxente da Terceira Tenente de Alcalde e responsable da Área de Goberno de Fondos Europeos, Elena Espinosa, para que informe detalladamente das circunstancias polas que se teñen perdido eses fondos, así como dos plans do goberno respecto do futuro que lle agarda a estes proxectos que xa non contan con financiación europea, e os prazos e grao de execución do resto de proxectos que aínda están vixentes.

3.- Axilizar os trámites pendentes para todos aqueles proxectos beneficiarios aínda en prazo logo de que a execución dos fondos Next Generation remate con carácter xeral o vindeiro 31 de agosto de 2026.

4.- Crear unha Comisión de seguimento municipal que fiscalice a correcta xestión dos fondos europeos para asegurármolos de que non se perda ni un só euro máis pola ineficacia deste goberno local.

5.- Esixir explicacións de por que este Concello ven de sacar a licitación un servizo externo de antena e xestión técnica de proxectos cofinanciados a través de programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais, cando este goberno municipal xa conta cunha concelleira, a Terceira Teniente de Alcalde Elena Espinosa, como responsable directa destas tarefas.»

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

#### VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* dezaseis (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 29 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.  
•*Abstencións*: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Come-saña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

**ACORDO:**

Con cinco (5) votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, deza-seis (16) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.10.2025 (Rex. Nº 5167/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "Sobre a perda e devolución de Fondos Europeos Next Generation concedidos a este Concello, pola manifesta incapacidade do goberno municipal á hora de acometer os proxectos beneficiados en tempo e forma dentro dos prazos establecidos", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**RESOLUCIÓNS.**

**11.(176). DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO ALCALDE EN CONCELEIROS 2023-2027; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 1499/1102. (EXPTE. PLENO 5139/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións de data 25.09.2025 (BOP de Pontevedra núm. 186 do 30/09/2025), que dín o que segue:

"MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECIFICAS DO ALCALDE NO CONCELEIRO DE ÁREA DE GOBERNO DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, E FESTAS ESPECIAIS

Trala constitución da nova corporación en xuño de 2023 e conforme o establecido no artigo 124.4.k) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local aprobouse por Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 e posterior modificación de data 28.06.2024 e 25.09.2025 a estrutura da administración municipal (2023-2027).

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros/as delegados/as en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados. Por razóns de eficacia e eficiencia na tramitación dos expedientes en materia de parques, xardíns e zonas verdes resulta convinte delegar no concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais as competencias relativa a redacción dos proxectos e tramitación dos expedientes de contratación que procedan que afecten a ditas zonas.

Polo exposto, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía conforme o art. 124.4 Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases de réxime local e de artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Delegar no concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais as seguinte atribución do Alcalde, xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos

"a) *En materia de parques e xardíns*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 30 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

8. *A xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos e dos expedientes de contratación en materias propias que afecten a parques, xardíns e zonas verdes.*

(...)"

SEGUNDO.- Aprobar o texto refundido das delegacións específicas atribuídas ao concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais que exercerá nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos.-

a) En materia de parques e xardíns

1. Elaborar e propoñer proxectos ao órgano competente para súa aprobación e posteriormente dirixir e xestionar un Plan Director de Melloras para a xestión, conservación e mellora das zonas verdes, áreas infantís e biosaudables e mobiliario urbano.
2. Elaborar e propoñer ao órgano municipal competente a aprobación dun Regulamento de Protección de Zonas Verdes, Espazos Naturais e Parques Forestais no que se prevexan as accións necesarias para a defensa das zonas verdes urbanas e periurbanas, das árbores e das especies vexetais nas rúas, prazas e demais bens que integran o dominio público municipal.
3. Manter actualizado o Inventario de zonas verdes, mobiliario urbano, áreas infantís e biosaudables.
4. Dirixir e xestionar as actividades e servizos do Viveiro Municipal.
5. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de conservación e mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias ao obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos Pregos de Condicións que rexen no contrato.
6. Competencias en materias de xestión da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa que establece a lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
7. Xestión do convenio da cesión dun dereito de uso de determinada superficie localizada na cuberta do centro vialia-estación de Vigo para o seu destino a uso público (praza).
8. *A xestión e tramitación dos expedientes de redacción dos proxecto e xestión dos expedientes de contratación en materias propias que afecten a parques, xardíns e zonas verdes.*

b) En materia de Comercio

1. Dirección e xestión das accións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto a formación, asociacionismo, promoción de actividade e xestión de axudas e subvencións e sinaladamente, entre outras, a actividade Vicus Spacorum.
2. A interlocución coas Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.
3. O impulso das actividades feirais.
4. Promover a participación institucional do Concello en feiras, exposicións e certames.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 31 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

5. Dirección e xestión dos mercados de abastos municipais.

c) En materia de festas especiais

1. A análise, estudo e impulso das festas e eventos especiais de maior impacto na cidade, en termos sociais, económicos e de turismo.
2. O impulso, a tramitación e xestión das actuacións municipais relacionadas coas festas especiais, en particular, as relativas á celebración do Nadal, a Reconquista, Festa do Magosto, Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais, Festa do Mexillón, Festa do Polbo, e Festa da Sardiña.

CUARTO.- A concelleira delegada en materia de Igualdade e Comercio asumirá no ámbito da súa delegación e baixo a dirección e coordinación da concelleiras de área de goberno asumirá as competencias municipais en materia de comercio sinaladas no apartado segundo nos termos da Resolución da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023

QUINTO.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indiciarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTO.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

SÉTIMO.- Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros e concelleiras.

OITAVO.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

NOVENO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

DÉCIMO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986."

"MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECIFICAS DO ALCALDE NO SEGUNDO TENENTE ALCALDE E CONCELLEIRO DE AREA DE GOBERNO DE FOMENTO, SERVIZOS E DEPORTES.-

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 25 de setembro 2025 procede modificar a Resolución de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas.

Concretamente atribúese ao concelleiro de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes a competencia en materia de planificación e execución da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado "Vigo Vertical". O concelleiro delegado de Área ten atribuída, en materia de fomento, a xestión dos edificios de titularidade municipal nos adscritos as distintas áreas ou servizos. Razóns de eficiencia no funcionamento e mantemento dos edificios municipais aconsellan reforzar a coordinación das competencias en materia do Auditorio do Mar de Vigo e delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes a súa xestión.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 32 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Así mesmo, como consecuencia da delegación no concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais da competencia en materia da xestión e tramitación dos proxectos e expedientes de contratación en materias propias que afecten a parques, xardíns e zonas verdes procede modificar a delegación de competencias en materia de fomento.

Polo exposto, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes as seguinte atribución do Alcalde, xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos

a) En materia de fomento.

Obra pública municipal:

1. A xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal, agás os relativos a parques e xardíns e zonas verdes municipais e a contratación menor que será realizada por cada área xestora
2. A tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa, para a execución de obra pública agás o relativos a parques e xardíns e zonas verdes municipais.
3. A proposta e execución de obras públicas municipais e coordinación cos distintos servizos municipais.

Vías e Obras:

1. Mantemento do firme do viario de titularidade municipal.
2. Mantemento de esculturas, estatuas e demais elementos ornamentais instalados nos espazos e vías públicas municipais.
3. A revisión, informe e proposta de recepción dos proxectos de urbanización, tanto de iniciativa pública como privada, que posteriormente pasarán a ser de conservación municipal.

Vigo Vertical

1. Planificación e execución da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado "Vigo Vertical".
2. Mantemento dos elementos mecánicos de mobilidade nas vías ou espazos públicos municipais e proposta de mellora na prestación de servizos de mantemento dos elementos "Vigo Vertical".

Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal:

1. Dirección e xestión da oficina de supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal que realizará as funcións de supervisión, informe, proposta técnica de expedientes dos diferentes servizos municipais e as que legalmente lle sexan atribuídas ou como consecuencia de instrucións municipais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 33 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Electromecánicos:

1. Xestión do alumado público de titularidade municipal.
2. A supervisión e informe dos proxectos técnicos de alumado público
3. O control, estudo e supervisión da facturación xirada polas compañías subministradoras de enerxía eléctrica procurando a optimización das tarifas, coordinando este proceso cos servizos xestores das diversas instalacións municipais.
4. A planificación e coordinación cos diversos servizos xestores das instalacións municipais que demanden subministro de enerxía eléctrica para a contratación e alta de novos subministros.
5. Estudos de aforro enerxético optimizando e calibrando os consumos.
6. Mantemento e reparación das instalacións e dos equipos de bombeo nas fontes ornamentais públicas.
7. A realización e aplicación de programas para o mantemento e conservación das instalacións eléctricas da Casa Consistorial.
8. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento de Electromecánicos que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias co obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións que rexen no contrato.

Parque Móbil:

1. Control e supervisión da ordenación, xestión e administración da flota de vehículos do Parque Móbil municipal, agás os que se atribúan a outros servizos.
2. Xestión dos almacéns de materiais e reparacións e mantemento da flota municipal a través do taller mecánico do Parque Móbil.

Ciclo da auga:

1. A xestión e tramitación das actuacións necesarias no ciclo integral da xestión da auga, tales como mantemento, conservación e no seu caso construción das redes de infraestruturas de abastecemento, evacuación e depuración de augas, así como calquera actuación relacionada co servizo.
2. Planificar a estratexia, o desenvolvemento e o financiamento dos Plans Directores de Abastecemento e Saneamento que se poidan contemplar no planeamento xeral e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

Parque Central:

1. Dirección e xestión do parque central e dos persoal adscrito a dito servizo
2. Xestión, vixilancia e mantemento das instalación, servizos e espazos do Parque Central,
3. Xestión dos almacéns de materiais de servizos de Vías e Obras, Xardíns, Electromecánicos e Limpeza.

Dos edificios de titularidade municipal nos adscritos as distintas áreas ou servizos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 34 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

1. Xestionar as actuacións encamiñadas ao mantemento e conservación que requiran os edificios de titularidade municipal non adscritos a servizos específicos e de forma especial do edificio da casa consistorial
2. Xestión e control de consumos de auga e enerxías dos edificios de propiedade municipal non adscritos a servizos específicos. Adaptando ou propoñendo a adopción de medidas que se estimen procedentes para unha mellora nos consumos e na economía do gasto.
3. Xestión e control dos servizos de limpeza dos edificios de propiedade municipal non adscritos a outros servizos.
4. Planificar e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control do Auditorio ao aire libre de Castrelos.
5. Xestión das obras e mantementos necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, Campo de Fútbol da Madroa e Barreiro.
6. A xestión patrimonial, de obras e mantemento dos espazos que conforman o Auditorio Pazo de Congresos "Mar de Vigo".

b) En materia de servizos

Seguimento de empresas concesionarias de servizos públicos:

1. Coordinar as diferentes áreas na inspección permanente do funcionamento dos servizos xestionados indirectamente por empresas concesionarias para garantir a súa prestación de acordo cos correspondentes pregos de condicións que rexen en cada contrato, impulsando para estes efectos, o funcionamento eficaz da servizo de Control de Empresas Concesionarias, dotándoa convenientemente de medios materiais e persoais.
2. Xestión, coordinación e tramitación dos contratos de xestión indirecta de servizos públicos: complexo polideportivos, piscinas cubertas.

c) En materia de limpeza, recollida e xestión de Residuos sólidos urbanos.

1. Inspeccionar, controlar e xestionar todo o relativo a:
  - a) Recollida selectiva (papel, cartón, envases, plásticos, vidro, etc.)
  - b) Recollida de residuos sólidos urbanos
  - c) Limpeza viaria e de praias.
  - d) Limpeza da Casa Consistorial.
  - e) Instalación, mantemento e reposición de colectores e papeleiras.
  - f) Traslado á planta de transferencia de Guixar e transporte a SOGAMA dos RSU e residuos de envases.
  - g) Limpeza de camiños no rural e de fincas municipais.
  - h) Mantemento da estación Biogás e da superficie da cuberta do vertedoiro do Zondal.
2. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias co obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións e pregos de prescricións técnicas que rexen no contrato.

d) En materia de transporte.

1. Planificar, dirixir e executar a política municipal en materia de transporte urbano.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 35 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2. Ditar as disposicións que esixa o funcionamento dos servizos de transporte urbano colectivo de viaxeiros e o control do servizo.
3. As competencias atribuídas a esta Alcaldía no artigo 4 da Ordenanza Municipal reguladora do taxi na Cidade de Vigo
4. Resolución das cuestións en materia de transporte interurbano ou metropolitano que afecten á cidade.
5. Xestionar o mobiliario urbano.
6. Regulación, resolución e control das cuestións relativas ao transporte escolar.
7. Xestión dos aparcadoiros soterrados públicos da cidade.
8. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias co obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións e pregos de prescricións técnicas que rexen no contrato.

e) En materia de inversións.

1. Xestionar o Programa Municipal de coordinación, planificación, seguimento e a avaliación dos proxectos financiados cos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
2. Xestionar os programas con financiación procedente da Unión Europea.

f) En materia de Deportes.

1. O deseño, programación, desenvolvemento e execución da política deportiva municipal mantendo, para os efectos, relación con organismos, clubs, entidades e institucións públicas e privadas para a correcta execución da dita política.
2. Relacións coa Fundación Vigo en Deporte (VIDE),
3. Dirixir e xestionar as actuacións necesarias para o mantemento e conservación das instalacións deportivas municipais, agás as atribuídas a concellería da Área de Goberno de Fomentos e Servizos.
4. Coordinar a actividade deportiva municipal cos clubs e entidades deportivas existentes no Municipio.
5. Autorizacións das probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos deportivos en vías públicas.
6. Dirección e xestión do Marisquiño.

CUARTO.-Delegar na Concelleiro delegado de Deportes baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno e nos termos da presente resolución e na resolución de data 20 de xuño de 2023 as competencias en materia de deportes establecidas no presente decreto.

QUINTO.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 36 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

SEXTO.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

SÉTIMO.- Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

OITAVO.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

NOVENO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

DÉCIMO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.”

#### “DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECIFICAS DO ALCALDE NA QUINTA TENENTE DE ALCALDE E AREA DE GOBERNO DE EMPREGO, PATRIMONIO, TECNOLOXÍA E RELACIÓN COAS EMPRESAS, TURISMO E XUVENTUDE

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 25 de setembro 2025 procede modificar a Resolución de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude e Concellerías Delegadas.

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros delegados en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Delegar na Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos;

a) En materia de Emprego.

1. O deseño e dirección das políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego, tal e como:
  - a) Apoio ao emprendemento mediante as convocatorias e axudas e subvencións á creación de empresas.
  - b) Fomento dos Proxectos empresariais de interese municipal (PEIM).
2. O deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras.
3. Deseño, dirección e coordinación de proxectos financiados pola Unión Europea, relacionados coa formación, o emprego e o desenvolvemento local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 37 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

4. Impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego.
  5. Impulsar, coordinar e supervisar os proxectos construtivos e obras en locais e terreos municipais, executados polo persoal dos programas de inserción laboral.
  6. Actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais da cidade, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade.
  7. Planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.
- b) En materia de Voluntariado.
1. Dirixir e xestionar a Oficina Municipal de Voluntariado (OMD).
  2. Xestionar o programa de "Traballos en Beneficio da Comunidade (TBC) e coordinar e xestionar cos servizos municipais
  3. O deseño e desenvolvemento de actividades formativas dirixidas ás persoas voluntarias e ás entidades de voluntariado.
- c) En materia de Patrimonio.
1. A asistencia a Comisións, reunións e demais actos que requiran a comparecencia dun representante municipal en materia da súa competencia, en especial as comisións de seguimento, informativas e reunións de Comunidades de Propietarios nas que o Concello sexa propietario.
  2. Dirixir e xestionar o réxime, trafico xurídico e defensa dos bens patrimoniais e demaniais tramitando calquera operación de alta, baixa ou rectificación no Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD) dos bens integrantes do mesmo, tendo a facultade para recabar de calquera servizo municipal os datos necesarios para elo.
  3. Tramitar os expedientes relativos á adquisición e alleamento do Patrimonio Municipal promovidos pola súa Area.
  4. A xestión dos locais e demais inmobles municipais, sexan de natureza demanial ou patrimonial, xestión dos locais municipais de natureza demanial, cedidos en réxime arrendatario ou en concesión de dominio, excepción dos xestionados por outras áreas no exercicio das súas atribucións.
  5. Nomear e mesmo presidir, as comisións municipais para a recepción dos locais, obras ou instalacións municipais que revertan ao patrimonio municipal ao remate das autorizacións e concesións demaniais ou por calquera outro título dependentes da súa Area.
  6. Tramitar e xestionar as pólizas de seguros tendentes a cubrir a responsabilidade patrimonial municipal derivada do funcionamento dos servizos.
  7. Tramitar a ITE dos inmobles municipais, agás aqueles adscritos a outras áreas que dispoñan de técnico municipal competente para a súa realización.
  8. Tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade patrimonial con motivo dos danos e perdas causados polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
  9. Impulsar a confección e actualización permanente do Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD), recabando os datos e información necesaria e ditando as ordes e instrucións que estime conveniente para os efectos ás demais áreas e servizos municipais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 38 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

10. En xeral, o control da administración, conservación e xestión do patrimonio municipal, a investigación de cantos bens e dereitos se presuma que forman parte del, o seu deslinde, o seu amolloamento, a súa protección e reivindicación, así como a esixencia de responsabilidades cando proceda.

11. O inicio e a resolución dos expedientes de investigación de oficio deslinde administrativo, ou recuperación posesoria, ao abeiro do disposto na normativa de aplicación.

12. A formalización e sinatura de toda clase de documentos públicos ou privados que requira a execución e cumprimento dos acordos e resolucións adoptadas no ámbito das competencias atribuídas a Área de Patrimonio, agás os que teñan por obxecto contratos ou negocios xurídicos sometidos a normativa en materia de contratos do Sector Público.

d) En materia de Tecnoloxía.

Impulsar e potenciara incorporación da tecnoloxía e telecomunicacións en relación coa cidadanía.

e) En materia de relación coas empresas.

1. Apoiar a creación e consolidación de iniciativas empresariais.
2. Relación coas empresas.

f) En materia de Turismo:

1. Dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico. Plan de sostenibilidade turística
2. Promoción turística do municipio en feiras e certames, (FITUR).
3. Dirección do servizo municipal de turismo e da información e atención aos visitantes: Centro de Recepción de Visitantes (CRV), Centro de Interpretación de Vigo y su ría (CIVR) e do receptivo de cruceiristas.
4. Coordinación e supervisión daqueles asuntos que deban ser aprobados pola Xunta de Goberno Local.
5. Dirección e impulso das candidaturas das Illas Cíes Patrimonio Mundial UNESCO e Illas Cíes Xeoparque Mundial UNESCO.
6. Festas de interese turístico: A brincadeira, Festival Pirotécnico de Bouzas
7. Coordinación e dirección do turismo MICE municipal:
8. Relacións coa Fundación Vigo Convention Bureau.

g) En materia de Xuventude

1. A dirección e xestión da Casa da Xuventude, servizos de Información e dinamización Xuvenil; Centro de Usos Múltiples Vigosónico; servizos de Dinamización Infantil, Horta Escola e Servizos de acceso a internet.
2. Garantir o deseño e execución dunha política integral, coherente e eficaz, coordinando todas as actuacións que en materia de Xuventude se xestionen polo Concello.
3. Impulsar o traballo en rede (cooperación e coordinación) entre os axentes implicados no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 39 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

traballo coa mocidade e as políticas xuvenís.

4. Impulsar a elaboración, execución, coordinación e avaliación do I Plan de Xuventude, en coordinación coas demais concellerías, que de xeito transversal teñan ao colectivo xuvenil como destinatario das súas políticas
5. Promover a creación de programas e proxectos de educación non formal dirixidos á xuventude no ámbito do ocio saudable, a educación afectivo-sexual, a emancipación xuvenil, a participación e o asociacionismo.
6. Propoñer e impulsar medidas de integración e eliminación de situacións de desigualdade cara á poboación xuvenil do municipio.
7. Establecer medidas e actuacións de carácter educativo-formativo e participativo tendentes á ocupación do lecer e tempo libre da mocidade do municipio

TERCEIRO.- Delegar na Concelleira delegada de Turismo e Xuventude baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno nos termos da presente resolución e na resolución de Alcaldía data 20 de xuño de 2023. Así mesmo a Concelleira delegada de Xuventude e Turismo exercerá a Vicepresidencia da Vigo Convention Bureau.

CUARTO.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

QUINTO.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

SEXTO.- Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

SÉTIMO.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

OITAVO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

NOVENO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986."

#### "DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO ALCALDE NA CONCELEIRA DE ÁREA DE GOBERNO DE POLÍTICA SOCIAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 25 de setembro 2025 procede modificar a Resolución de delegación de competencias específicas da concelleira de Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá.

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros delegados en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previs-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 40 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

to nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Delegar na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos.-

En materia de Política Social:

1. Detección e estudo das necesidades sociais e demandas das persoas, grupos ou da comunidade en xeral, procurando garantir a atención, valoración técnica, orientación, información, asesoramento e a prestación dos servizos sociais básicos a aqueles sectores da poboación que se atopen en situación de desprotección ou risco de exclusión social.
2. Promover e impulsar cantas actividades se consideren necesarias para contribuír ao desenvolvemento dunha maior participación e colaboración da sociedade diante dos problemas de marxinación, desprotección e exclusión social, para o que fomentará a coordinación coas entidades integrantes do terceiro sector que actúan na cidade, a participación comunitaria e o asociacionismo, dispoñendo a concesión de axudas económicas a entidades e asociacións sen ánimo de lucro.
3. Colaborar e recabar a colaboración das demais Administracións Públicas no exercicio das respectivas competencias en materia de servizos sociais e das funcións e tarefas relacionadas cos Servizos Sociais e a Política de Benestar Social, demandando desas outras Administracións os medios necesarios complementarios para atender ás novas peticións de colaboración.
4. Formular a programación e xestión dos plans de formación específica do persoal de Servizos Sociais e impulsar as actividades formativas dirixidas especificamente ás persoas en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social.
5. Formalizar os acordos de incorporación das persoas usuarias aos programas básicos de acollemento e inclusión social e de transición á vida autónoma do «Centro Integral de Inclusión e Emerxencia social» (Albergue-CIIES).
6. Dirixir o «Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias» (CEDRO), que presta servizos sociosanitarios ás persoas drogodependentes a través da «Unidade Asistencial de Drogodependencias» e da «Unidade de Día».
7. Ostentar a superior dirección e representación no «Centro Integral de Inclusión e Emerxencia social» e a representación municipal no Padroado da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola».
8. Presidir os Consellos sectoriais da Área de Política de Benestar Social (Consellos das Migracións, de Cooperación internacional e Solidariedade e de Accesibilidade).
9. Xestionar e realizar o seguimento dos programas de información e mediación intercultural dirixidos a inmigrantes e emigrantes retornados.
10. Asumir a dirección política para a implementación das axudas humanitarias que se concedan directamente e das subvencións a proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento que se outorguen polo Concello conforme coas bases aprobadas.
11. Aquelas outras atribucións derivadas dos convenios de cooperación social e desenvolvemento asinados polo Concello en materia de Benestar Social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 41 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

En materia de Participación Cidadá e Distritos.

1. Dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e á Participación Cidadá en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da Comunidade Veciñal.
2. A xestión do Rexistro Municipal de Asociacións.
3. A tramitación dos expedientes de declaración de utilidade pública.
4. Xestión do Consello Sectorial de Participación Cidadá; impulsar, a través da Xunta de Goberno Local, aqueles consellos sectoriais non constituídos e coordinar, cos respectivos Presidentes, a eficacia no funcionamento dos xa existentes procurando a súa efectiva participación e asesoramento nos distintos sectores.
5. Xestión dos Centros Municipais de Distrito.
6. Coordinar e xestionar unha base de datos de información de interese para a cidadanía e que non estea recollida polo servizo de Administración Electrónica.
7. Promover a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de internet, así como das actividades socioculturais e formativas nos Centros Municipais de Distrito, procurando a colaboración das asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
8. Xestión e dar resposta das queixas que a cidadanía presente perante o Defensor do Pobo, Valedor do Pobo e que eses comisionados remitan para o seu informe ao Concello, tomando coñecemento das suxestións ou recomendacións recaídas neses procedementos.
9. Elaborar os estudos precisos para que dende a racionalidade organizativa municipal, homoxeneidade demográfica, localización física do territorio e eficacia administrativa se propoña no seu día ao Pleno do Concello a división territorial do termo municipal en Distritos que faciliten, a través dos seus respectivos órganos, a xestión desconcentrada dos asuntos municipais, todo elo sen prexuízo de establecer en posteriores resolucións os mecanismos de coordinación e posta en marcha que, no seu caso, resulten necesarios.
10. Froito do estudo referido no primeiro punto, e en coordinación co resto dos asuntos das distintas áreas que se estimen necesarios desconcentrar, facer chegar á cidadanía os servizos locais.
11. Servir de canle de comunicación das diferentes áreas delegadas recollendo, distribuíndo e facendo o seguimento das informacións, queixas e suxestións que as comunidades veciñais, cidadás, demais colectivos de barrios e parroquias dos ámbitos urbanos e periurbanos desexen facer chegar ao Concello.

SEGUNDO.- O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno asumirá as competencias municipais en materia de participación cidadá e distritos establecidas na presente resolución e na resolución de Alcaldía de data 20 de xuño de 2023. Así mesmo delégase no Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos a presidencia do Consello Sectorial de Participación Cidadá.

TERCEIRO.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

CUARTO.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 42 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

QUINTO.- Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

SEXTO.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

SÉTIMO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

OITAVO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.”

**ACORDO:**

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións de data 25.09.2025, de Delegación de competencias específicas do Alcalde en concelleiros 2023-2027, incluídas nos trámites (202, 203, 204 e 205) do expediente electrónico 1499/1102. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

**12.(177). RESOLUCIÓN DE ESTRUCTURA DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO: MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS 2023-2027; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 1482/1102. (EXPTE. PLENO 5140/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 25.09.25 (BOP de Pontevedra núm. 186 do 30/09/2025), que dí o que segue,

“MODIFICACIÓN DA ESTRUCTURA DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS (2023-2027).-

Trala constitución da nova corporación en xuño de 2023 e conforme o establecido no artigo 124.4.k) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local aprobouse por Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 e posterior modificación de data 28.06.2024 a estrutura da administración municipal (2023-2027).

Co fin de mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados esta Alcaldía en uso das facultades atribuídas no artigo 124.4 k) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local no establecemento da organización e estrutura da Administración municipal executiva, RESOLVE

PRIMEIRO.- Modificar a Resolución de delegación de competencias: estrutura área de Goberno 2023-2027 de data 28.06.2024 de xeito que a administración do Concello de Vigo, baixo a superior dirección do Alcalde, estruturase nas seguintes áreas de goberno e concellerías delegadas:

- 1.1 Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade.
- 1.2. Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.
- 1.3. Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística.
- 1.4. Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 43 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 1.5. Área de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude.
- 1.6. Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.
- 1.7. Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá.
- 1.8. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.
- 1.9. Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais.
- 1.10 Portavocía do Goberno.

2. A Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:

- 2.1. Concellería delegada de Cultura.
- 2.2. Concellería delegada de Igualdade.

3. A Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes dirixirá e coordinará as seguinte concellería delegada:

- 3.1. Concellería delegada de Deportes.

4. A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación, e Normalización Lingüística dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:

- 4.1. Concellería Delegada de Medio Ambiente.
- 4.2. Concellería Delegada de Educación e Normalización Lingüística

5. A Área de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude dirixirá e coordinará a seguinte concellería delegada:

- 5.1. Concellería delegada de Turismo e Xuventude.

6. A Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:

- 6.1. Concellería delegada de Recursos Humanos e Formación.
- 6.2. Concellería delegada de Atención a Cidadanía.

7. A Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá dirixirá e coordinará as seguinte concellería delegada:

- 7.1. Concellería delegada de Participación Cidadá e Distritos.

8 A Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais dirixirá e coordinará as seguinte concellería delegada:

- 8.1. Concellería delegada de Comercio.

Segundo- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación dos servizos corporativos do Concello de Vigo corresponden as áreas as competencias nas materias que a continuación se relacionan, nos termos que se determinen na resolución de delegación de atribucións do Alcalde e Xunta de Goberno Local:

1.- MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO.- Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 44 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Patrimonio Histórico, así como as relacións co Consorcio do Casco Vello de Vigo; cultura; promoción de actividades culturais; bibliotecas; Rede de museos municipais, auditorio municipal; monumentos; igualdade; coordinación dos grandes eventos da cidade (actos de cidade).

2.- FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA .- Segundo Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de fomento; obras públicas; planificación e execución de infraestruturas urbanas; planificación e execución da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado "Vigo Vertical"; ciclo integral da auga; transporte público; parque móbil e parque central; electromecánicos; limpeza; xestión de residuos sólidos; obras e servizos de mantemento necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, campo de Fútbol da Madroa e Barreiro.; deportes; xestión de instalacións deportivas municipais; programación deportiva e eventos deportivos.

3.- ELENA ESPINOSA MANGANA.- Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de fondos europeos: medio ambiente; promoción da saúde; consumo; cemiterios; desenvolvemento sostible da cidade; control da contaminación atmosférica e sonora; educación e normalización lingüística.

4.- MARÍA JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ.- Cuarta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de planeamento urbanístico; xestión urbanística; licenzas; patrimonio municipal do solo; vivenda; rehabilitación e rexeneración urbana agás as competencias atribuídas a patrimonio histórico.

Adscríbese a está área o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

5.- ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA. Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; voluntariado; patrimonio; tecnoloxías e relación coas empresas; turismo e xuventude.

6.- PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

As competencias municipais en materia de seguridade e mobilidade; ocupación de dominio público; policía local; servizo de extinción de incendios e salvamento; protección civil; contratación; festas; programación auditorio ao aire libre de Castrelos; organización e dirección dos órganos directivos; gabinete de alcaldía; protocolo; relacións públicas; transparencia; administración electrónica; protección de datos; datos abertos; axenda urbana; obxectivos do desenvolvemento sostible; recursos humanos e formación; réxime interior; Oficina de asistencia en materia de rexistro e información e arquivo;

7.- YOLANDA AGUIAR CASTRO.- Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de políticas de familia e infancia; servizos sociais; atención as persoas maiores; inmigración e drogodependencia; participación cidadá e distritos.

8.- JAIME ANEIROS PEREIRA.- Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 45 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de planificación, fixación e desenvolvemento das directrices xerais da Área de Orzamentos e Facenda; a planificación da execución orzamentaria e o conxunto da actuación económica e financeira da Corporación; a planificación, dirección e execución da xestión tributaria municipal; a superior dirección dos Servizos de Tesourería e Recadación municipal e a dirección da Xestión Catastral delegada do Concello segundo o convenio de colaboración vixente.

9.- ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, e Festas Especiais.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de parques, xardíns e zonas verdes; comercio; venda ambulante; actividades ferias e mercados municipais; festas especiais.

10.- CARLOS LÓPEZ FONT.- Portavocía do Goberno.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de relacións co pleno da corporación.

11.- MARÍA OLGA ALONSO SUÁREZ.- Concelleira delegada de Normalización lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación das respectivas concelleiras de área de goberno as competencias municipais en materia de normalización lingüística; educación; recursos humanos e formación.

12.- NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.- Concelleira delegada de Medio Ambiente.-

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais en materia de medio ambiente; promoción da saúde; consumo; cemiterios; desenvolvemento sostible da cidade; control da contaminación atmosférica e sonora.

13.- JOSE MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ.- Concelleiro delegado de Deportes.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación do concelleiro de área de goberno as competencias municipais en materia de deportes; xestión de instalacións deportivas municipais; programación deportiva e eventos deportivos.

14.- PABLO LUIS ESTÉVEZ RODRÍGUEZ.- Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación do concelleiro de área de goberno as competencias municipais en materia de participación cidadá e distritos.

15.- MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO.- Concelleira delegada de Turismo e Xuventude.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais en materia de turismo e xuventude.

16.- GORKA GÓMEZ DÍAZ.- Concelleiro delegado de Cultura.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais en materia de cultura; promoción de actividades socioculturais; bibliotecas; Rede de museos municipais, auditorio municipal.

17.- ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ.- Concelleira delegada de Igualdade e Comercio.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación das respectivas concelleiras de área de goberno as competencias municipais en materia de igualdade e comercio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 46 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

18.- PATRICIA IGLESIAS LÓPEZ.- Concelleira delegada de atención a cidadanía.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias en materia en materia de rexistros; arquivos; estadística; conserxería; información e relacións coa cidadanía na prestación dos servizos de limpeza,ciclo da auga.

TERCEIRO.- As competencias nos concelleiros/as de área de goberno inclúen a facultade de dirección, planificación, e coordinación política das áreas administrativas que desenvolvan funcións no ámbito material da competencia delegada, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo atribúise expresamente a ditos concelleiros a resolución dos recursos de reposición interpostos contra os actos por eles ditados cando sexa susceptible deste.

CUARTO.- As competencias nos concelleiros/as delegados/as inclúen as facultades de dirección interna e xestión dos ámbitos da actividade administrativa integrados na súa delegación, incluída, a facultade de formular proposta de resolucións dos decretos que deban ser adoptados polo concelleiro/a de área de goberno e conformar, xunto con este, o informe-proposta dos acordos que se eleven a Alcaldía, á Xunta de Goberno Local ou Pleno, para súa aprobación.

QUINTO.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

SIXTO.- As facultades que poderán exercer os Concelleiros/as de área de goberno e concelleiros/as delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ao órgano delegante reservándose, non obstante, esta Alcaldía, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

SÉTIMO.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia, nos termos que por esta se determinen.

OITAVO.- As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte dos concelleiros,entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestacións rexeitando a delegación

NOVENO.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

DÉCIMO.- Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

DÉCIMO SEGUNDO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

DÉCIMO TERCEIRO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 47 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ACORDO:

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución de data 25.09.2025, de modificación da estrutura da administración do concello de vigo: delegación de competencias (2023-2027), incluída no trámite 73 do expediente electrónico 1482/1102. O Pleno toma coñecemento da mesma.

**13.(178). DELEGACIÓNS ESPECIAIS EN CONCELLEIROS/AS; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 1134/1102. (EXPT. PLENO 5141/1101).**

ANTECEDENTES: Dase conta da Resolución da Alcaldía de data 25.09.25, que di o que segue,

«Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 29 de xuño de 2023 e posterior modificación de data 28 de xuño de 2024 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027.

Por Resolución da Alcaldía de delegación de competencias específicas de data 28.06.2025 atribuíuse a Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade en materia de patrimonio histórico e, entre outras, a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana.

En base a ditas competencias a concellería de Área de Patrimonio histórico está desenvolvendo o proxecto de obras de execución de intervención urbana no marco do Programa Municipal de Medianieras. Dito proxecto recolle con carácter integral unha actuación urbana e artística no Barrio de O Rocio e concretamente, como unha das actuacións necesaria e primeiras contempla a adquisición da parcela baleira situada no nº 42 da rúa de Abaixo no barrio de O Rocío (ref. catastral 0644213NG2704S0001RB), co fin de proceder á súa adecuación ao uso previsto no planeamento urbanístico de espazo libre público.

Por razóns de eficacia administrativa e dado o interese xeral do proxecto de intervención urbana no marco do Programa Municipal de Medianieras que conleva a rexeneración urbana integral do barrio de O Rocío considérase convinte a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVE

PRIMEIRO.- Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade todas as atribucións precisas para a a xestión, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias para a adquisición, ben de mutuo acordo ou a través do procedemento de expropiación forzosa da finca sita no nº 42 da rúa de Abaixo no barrio de O Rocío (ref. catastral núm. 0644213NG2704S0001RB).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 48 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

SEGUNDO.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas

TERCEIRO.- Notificar a Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento»

ACORDO:

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución de data 25.09.2025, de delegacións especiais en concelleiros/as, incluída no trámite 146 do expediente electrónico 1134/1102. O Pleno toma coñecemento da mesma.

**14.(179). RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 19/09/25 E O 16/10/25; DACIÓN DE CONTA. INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DO PLENO 5162/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/09/25 e o 21/04/25, incluídas no expediente 5162/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

**15.(180). RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 19/09/25 E O 16/10/25; DACIÓN DE CONTA. INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DO PLENO 5163/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 19/09/25 e o 16/10/25, incluídas no expediente 5163/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

**16. FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**16.1.(181).** Rogo formulado pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «Que o Concello de Vigo apoie as solicitudes formuladas pola Asociación de Veciños "Vigo Centro" e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 49 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

polo colectivo "Beiramar da Xente" para que os xardíns históricos da Alameda e diversos enclaves do patrimonio industrial da cidade sexan declarados Ben de Interese Cultural».

A Sra Presidenta responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

**16.2.(182).** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Rogamos que este goberno municipal non demore máis a sinatura do convenio que lle remitiu o pasado mes de maio a Xunta de Galicia, permitindo dunha vez por todas o desenvolvemento da ETEA logo do acordo alcanzado entre as partes hai un ano para desbloquear este ámbito polo que a cidade leva agardando dúas décadas».

A Sra Presidenta responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

## 17. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**17.1.(183).** Pregunta formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «¿Cal é o mínimo de efectivos do servizo de bombeiros en activo por xornada que o Goberno municipal considera necesarios para garantir a apertura dos dous parques de zona existentes na cidade, cos seus correspondentes tren de saída dotados coa capacidade de intervención e operatividade precisas de acordo á normativa e criterios técnicos de seguridade de aplicación?».

A Sra Presidenta responde á pregunta segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

**17.2.(184).** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «¿Vai este goberno municipal sacar a concurso a concesión do servizo de xestión e mantemento do abastecemento e saneamento de Vigo logo de que a actual prórroga por cinco anos, outorgada a Aqualia vaia a rematar o próximo 31 de decembro, au pola contra vaille aprobar a empresa unha nova prórroga volvendo contradicir así o que dixo o alcalde que faría xa en 2020?».

A Sra Presidenta responde á pregunta segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

### ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario outubro 2025  
Legislatura: Mandato 2023-2027  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Lunes, 27 de Octubre de 2025 09:03:41  
Fecha Fin : Lunes, 27 de Octubre de 2025 12:13:06  
Duración : 03:09:25

- HTML -----  
[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3602](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3602)

- Media (MASTER) -----



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 50 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.5 GiB

Url - <https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/HTqBF6YOkvdEfXU0PuCbPY-Wl306vS1meHdEGxD5KBciWoga.wmv>

SHA512 - 9f79f6fee63d2bfa457ca398577807cd889245f4c839f741f88d237737e901435b385130d1604b4cd1caf548c05a7325e222568d40770e5f512c709fb4e37772

- Media (PROXYS) -----

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.0 GiB

Url - <https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/wqDHD5NJYCh8dl5ygSDRNwHtDSME8KvrggLRx-HJcJr636cTW.mp4>

SHA512 - 87acada06d9e34b8e1e82c8e4281e0b36547eedfb5b0838a2eaca88dd277b2bddb87d0d47d25559c4c33c2cf8b748ddd879eabf0f8fc0c32864f7482a9605eab

- Minutaje -----

00:00:01 - Asistentes : Silva Rego, Carmen; Interventor; Secretario; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Manuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

00:01:12 - Silva Rego, Carmen

00:01:43 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 29 de setembro de 2025.

00:01:56 : 2. Estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2025, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias; dación de conta. Expediente 378/143. (Expte. Pleno 5148/1101).

00:02:24 - Aneiros Pereira, Jaime

00:07:28 - Silva Rego, Carmen

00:07:38 - Pérez Iglesias, Xabier

00:12:47 - García González, Patricia

00:15:11 - Silva Rego, Carmen

00:15:36 - García González, Patricia

00:18:17 - Silva Rego, Carmen

00:18:29 - Aneiros Pereira, Jaime

00:21:29 - Silva Rego, Carmen

00:21:41 : 3. Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 3º trimestre do 2025; dación de conta. Expte. 30037/541. (Expte. Pleno 5149/1101).

00:22:08 - Aneiros Pereira, Jaime

00:26:09 - Silva Rego, Carmen

00:26:12 - Pérez Iglesias, Xabier

00:31:14 - Silva Rego, Carmen

00:31:18 - García González, Patricia

00:36:18 - Aneiros Pereira, Jaime

00:39:18 - Silva Rego, Carmen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 51 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

00:39:38 - -Minuto de silencio en memoria das mulleres vítimas de violencia de xénero-

00:41:20 : 4. Moción do grupo municipal do BNG urxindo a aplicación de medidas diante da situación de emerxencia habitacional en Vigo. Expte. 5173/1101.

00:41:34 - Pérez Iglesias, Xabier

00:46:38 - Silva Rego, Carmen

00:46:44 - Martín Peña, José Miguel

00:51:42 - Silva Rego, Carmen

00:51:45 - Caride Estévez, María José

00:56:01 - Silva Rego, Carmen

00:56:54 - Caride Estévez, María José

00:58:15 - Silva Rego, Carmen

00:58:23 - Pérez Iglesias, Xabier

01:01:23 - Silva Rego, Carmen

01:04:34 - Votación [10:08:15]

01:04:43 : 5. Moción do grupo municipal Socialista instándolle á Xunta de Galicia se responsabilice da xestión dos servizos educativos complementarios. Expte. 5172/1101.

01:05:05 - Alonso Suarez, María Olga

01:10:09 - Silva Rego, Carmen

01:10:21 - Abalde Comesaña, Filipe

01:15:13 - Silva Rego, Carmen

01:15:19 - Benavides Alonso, Daniel

01:20:24 - Silva Rego, Carmen

01:20:39 - Alonso Suarez, María Olga

01:23:40 - Silva Rego, Carmen

01:23:46 - Votación [10:27:27]

01:24:33 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando ao goberno da Deputación Provincial de Pontevedra a incluír nos seus orzamentos do 2026 a partida correspondente para fixar o convenio anual do Concello de Vigo, nun mínimo de 6.5 millóns de euros. Expte. 5168/1101.

01:25:03 - Aneiros Pereira, Jaime

01:30:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

01:30:20 - Martínez Piñeiro, Ana

01:34:46 - Silva Rego, Carmen

01:34:49 - Sanchez Mendez, Luisa María

01:36:20 - Silva Rego, Carmen

01:37:06 - Sanchez Mendez, Luisa María

01:40:14 - Silva Rego, Carmen

01:40:20 - Aneiros Pereira, Jaime

01:43:25 - Silva Rego, Carmen

01:43:28 - Votación [10:47:09]

01:43:39 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a facer públicas as contas de Turgalicia. Expte. 5171/1101.

01:43:51 - López Font, Carlos

01:48:56 - Silva Rego, Carmen

01:49:00 - Abalde Comesaña, Filipe

01:54:04 - Silva Rego, Carmen

01:54:10 - Martín Peña, José Miguel

01:59:14 - Silva Rego, Carmen

01:59:18 - López Font, Carlos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 52 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

02:02:19 - Silva Rego, Carmen  
 02:02:22 - Votación [11:06:02]

02:02:54 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á remisión ao Ministerio de Sanidade dos datos actualizados sobre distintos tipos de cancro. Expte. 51741101.

02:03:12 - Iglesias González, Ana Laura  
 02:08:12 - Silva Rego, Carmen  
 02:08:21 - Martínez Piñeiro, Ana  
 02:12:41 - García González, Patricia  
 02:17:45 - Silva Rego, Carmen  
 02:17:58 - Iglesias González, Ana Laura  
 02:21:03 - Silva Rego, Carmen  
 02:21:21 - Iglesias González, Ana Laura  
 02:21:30 - Silva Rego, Carmen  
 02:21:39 - Votación [11:25:19]

02:21:53 : 9. Moción do grupo municipal Socialista reprobando a actitude da Xunta de Galicia e nomeadamente ao conselleiro de Sanidade, por rexeitar que Vigo conte cunha Facultade de Medicina.

02:22:14 - López Font, Carlos  
 02:27:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:27:28 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:32:25 - Silva Rego, Carmen  
 02:32:28 - Gonzalez Abeijón, Fernando  
 02:36:18 - Silva Rego, Carmen  
 02:36:25 - López Font, Carlos  
 02:39:24 - Silva Rego, Carmen  
 02:39:31 - Votación [11:43:11]

02:39:53 : 10. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a perda e devolución de Fondos Europeos Next Generation concedidos a este Concello, pola manifesta incapacidade do goberno municipal á hora de acometer os proxectos beneficiados en tempo e forma dentro dos prazos establecidos. Expte. 5167/1101.

02:40:17 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:45:15 - Silva Rego, Carmen  
 02:45:20 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:50:23 - Silva Rego, Carmen  
 02:50:28 - López Font, Carlos  
 02:55:33 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:58:40 - Silva Rego, Carmen  
 02:58:54 - Votación [12:02:34]

02:59:16 : 11. Delegación de competencias específicas do Alcalde en concelleiros 2023-2027; dación de conta. Expediente 1499/1102. (Expte. Pleno 5139/1101).

02:59:26 : 12. Resolución de estrutura da administración do Concello de Vigo: modificación da delegación de competencias 2023-2027; dación de conta. Expediente 1482/1102. (Expte. Pleno 5140/1101).

02:59:37 : 13. Delegacións especiais en concelleiros/as; dación de conta. Expediente 1134/1102. (Expte. Pleno 5141/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 53 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

02:59:48 : 14. Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/09/25 e o 16/10/25; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5162/1101.

03:00:01 : 15. Resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/09/25 e o 16/10/25; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5163/1101.

03:00:17 : 16. Formulación de rogos.

03:00:25 - Martínez Piñeiro, Ana

03:00:45 - Silva Rego, Carmen

03:03:21 - Martín Peña, José Miguel

03:03:38 - Silva Rego, Carmen

03:05:30 - Martín Peña, José Miguel

03:05:35 - Silva Rego, Carmen

03:05:42 - Martín Peña, José Miguel

03:05:57 - Silva Rego, Carmen

03:06:57 - Silva Rego, Carmen

03:06:59 : 17. Formulación de preguntas.

03:07:04 - Abalde Comesaña, Filipe

03:07:47 - Silva Rego, Carmen

03:08:11 - Martín Peña, José Miguel

03:08:48 - Silva Rego, Carmen

03:09:25 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e doce minutos (12:12) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 18/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.  
am.

A PRESIDENCIA  
M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego  
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO  
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 12:21	Páxina 54 de 54
5206-1101	CSV: A6B4A2-3B54A8-4AE821-TB7YQ6-JC8PT2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		